


GUÍA DE INICIACIÓN AO TURISMO MARIÑEIRO NO ÁMBITO DE INFLUENCIA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS



Proxecto Mar das Illas.

Guía de Iniciación ao Turismo Mariñeiro no ámbito de influencia do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Galp Ría de Pontevedra

Galp Ría de Vigo - A Guarda

Galp Ría de Arousa

Socio colaborador: Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. PNMTIAG.

Fotografías:

Amare Turismo Náutico

Pesca Turismo Mallorca

CC Public Domain

Babadiva ambiental

INDICE DOS CONTIDOS.

1. Introducción.....	4
2. Turismo mariñeiro. Rumbo a seguir.....	7
3. O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.	
3.1. Un parque con personalidade mariña.	14
3.2. Lexislación e normativa específica	48
3.3. Uso público no Parque Nacional.	51
3.4. Información práctica.	54
3.4.1. Arquipélago de Cíes.	54
3.4.2. Arquipélago de Ons.	57
3.4.3. Arquipélago de Sálvora.	60
3.4.4. Arquipélago de Cortegada.	62
3.4.5. Recursos para deseñar as nosas actividades.	64
4. Interpretación do Patrimonio.	
4.1. Fundamentos teóricos da Interpretación do Patrimonio. ...	67
4.2. Os alicerces: recurso + público + técnicas e habilidades. ...	72
4.3. Principios metodolóxicos.	73
4.4. Avaliación e mellora continua.	82
5. Boas prácticas ambientais en Turismo Mariñeiro.	84
6. Máis información.	88

1.- INTRODUCCIÓN.



A Rede de apoio e preparación dos profesionais da pesca ao turismo mariñeiro, **Mar das Illas**, xurde da necesidade de proporcionar ao sector pesqueiro as ferramentas para a diversificación da súa actividade cara ao turismo. Tal e como promove o Crecemento azul , o turismo mariñeiro e un alicerce fundamental no desenvolvemento do mesmo, razón pola que a diversificación da actividade pesqueira é un dos principais eixos que constitúen as Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) dos diferentes Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).



Cada vez son máis os turistas que visitan as Rías Baixas atraídos polo patrimonio, a vida e a gastronomía mariñeira, demandando actividades que permitan ver e vivir a actividade pesqueira das vilas costeiras. O sector pesqueiro atópase na actualidade en plena fase de desenvolvemento cara a novas vías de xestión, comercialización e diversificación. Dende a Unión Europea apuntase cara a novos modelos de negocio que teñen como obxectivo a sostibilidade do sector. Neste contexto, o turismo mariñeiro preséntase como unha nova vía de diversificación ou complementariedade da actividade pesqueira que permita crear novas fontes de ingresos sostibles ás xentes do mar e mellorar a calidade de vida das zonas costeiras.

Neste marco, os GALP das Rías Baixas (Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo – A Guarda) poñen en marcha as bases para a realización deste tipo de turismo ao través de **Mar das Illas**, un proxecto formativo que integra a tódolos axentes implicados, define os trámites a seguir, e crea unha rede de asistencia técnica como principais medidas de impulso do turismo mariñeiro en embarcación nas Rías Baixas e contorna do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

OBXECTIVO MAR DAS ILLAS.


O principal obxectivo do proxecto consiste en **PROMOVER A ACTIVIDADE DO TURISMO ENTRE O COLECTIVO DE MARIÑEIRO E OS SEUS FAMILIARES NAS RÍAS BAIXAS DE GALICIA**, especialmente no ámbito do PNMTIAG ao través das seguintes accións:

1.-Información e asistencia.

2.-Formación como intérpretes do patrimonio marítimo-costeiro facendo fincapé no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG).

Os dous eixos sobre os que xira o presente proxecto son o Parque Nacional e o sector da pesca.

Esta guía pretende capacitar e fomentar o emprendemento, proporcionando un material de apoio e consulta aos emprendedores en turismo mariñeiro que axude a programar, preparar e dotar de contidos as visitas guiadas e actividades complementarias, de modo que se realicen dun xeito sostible e que contribúan á valorizar o traballo do mar e a conservar o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.



2.- TURISMO MARIÑEIRO. RUMBO A SEGUIR



Calidade, formación, modernización, internacionalización, e sobre todo, innovación, desestacionalización e diversificación son palabras clave no sector turístico galego.

A **DIVERSIFICACIÓN** e creación de **PRODUTOS TURÍSTICOS INNOVADORES** resulta fundamental para atraer a un turista cada vez máis esixente que busca novas propostas e sensacións. Estes turistas, que case definir coma exploradores do século XXI, perseguen viaxes enriquecedoras, están ávidos de vivir experiencias que lles permitan aprender ou coñecer a vida local e somerxerse na súa cultura. Desexan descubrir o auténtico, a esencia do lugar que visitan. E por suposto, unha vez vivida a experiencia, será contada a milleiros de persoas utilizando o extraordinario poder comunicativo das redes sociais.

ESTRATEGIA GALEGA DE TURISMO 2020.

No ano 2020, Galicia aposta por un turismo baseado no patrimonio, a historia e a cultura galega, caracterizado por unha consolidación dos novos produtos e experiencias turísticas, diferentes ás doutros destinos, **nas que destaca o mar como referencia específica**, xunto coa cultura celta e as nosas lendas e tradicións. Galicia aposta por ser referente como **destino sostible, coidadoso coa paisaxe e os recursos naturais, tanto nas rías e praias do litoral**, como nas fragas máxicas e parques naturais do interior; consolidando unha oferta de alta calidade, relacionada con atributos do denominado **slow tourism**.



A sostibilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

1. Paisaxe, recursos naturais e sostibilidade.
 2. Valores diferenciais e a súa potenciación.
 3. Mobilidade turística.
 4. Os camiños de Santiago como dinamizadores do país.
- **Liña estratéxica 1: Paisaxe, recursos naturais e sostibilidade.**
O turismo é un gran consumidor de espazos e de recursos naturais. O desenvolvemento da actividade require dunha planificación coherente e ordenada, que garanta a preservación dos espazos especialmente sensibles e a conservación da súa autenticidade e valores patrimoniais, tanto desde o punto de vista natural como desde o punto de vista cultural.

- **Liña estratéxica 2: Valores diferenciadores e a súa potenciación.** O patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular.
Ao través desta liña estratéxica impulsárase o uso turístico sostible da paisaxe e o **desenvolvemento de novos produtos turísticos vinculados coa paisaxe e a natureza.**

Seleccionáranse e apoiáranse aquelas iniciativas locais que traten de desenvolver produtos innovadores aproveitando os recursos naturais, contribuíndo ao uso turístico sostible da paisaxe galega e facendo do ecoturismo un elemento tractor da economía do rural galego, en estreita colaboración coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Algunhas accións exemplo a levar a cabo na Estratexia:

- Creación de liñas de capacitación e educación para o turismo ecolóxico.
- Impulso do coñecemento do hábitat.
- Impulso ás actividades de turismo mariñeiro.
- Fomento das visitas ás vilas mariñeiras tradicionais, o coñecemento das actividades pesqueiras e a gastronomía destas zonas e o seu patrimonio material e inmaterial.



QUEN MELLOR QUE AS XENTES DO MAR PARA AMOSAR A SÚA CULTURA? O turismo mariñeiro cumpre as características das tendencias actuais en turismo e por iso se configura como unha gran oportunidade de diversificación no sector. O turismo mariñeiro ofrece aos participantes a posibilidade de vivir experiencias únicas ateigadas de sensacións moi intensas que conducen a coñecer e comprender os diferentes usos e aproveitamentos dos recursos mariños, así como á súa valorización.



Foto cedida por Amare Turismo Náutico.

TURISMO MARIÑEIRO: DEFINICIÓN.



Turismo pesqueiro ou mariñeiro: Actividade desenvolta polos colectivos de profesionais do mar, mediante contraprestación económica, orientada á valorización do seu traballo no medio mariño, así como dos costumes, tradicións, patrimonio e cultura mariñeira.

** Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación de la Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia.*

Segundo a lei 6/2009 de pesca de Galicia terán a consideración de actividades de turismo mariñeiro, entre outras, as de:

- **Pesca turismo:** actividades desenvoltas a bordo de embarcacións pesqueiras por parte dos profesionais do mar dirixidas ao coñecemento, valorización e difusión do seu traballo no medio mariño.

- **Rutas guiadas:** actividades dirixidas ao coñecemento do medio no que se levan a cabo as actividades profesionais en praias, portos e pobos mariñeiros, guiadas por profesionais do mar.
- **Gastronomía:** actividades dirixidas á promoción e posta en valor do consumo dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.



Pesca-turismo: tipo de actividade de turismo pesqueiro ou mariñeiro desenvolto a bordo de embarcacións pesqueiras por parte de profesionais do sector, mediante contraprestación económica, que ten por obxecto a valorización e difusión do seu traballo no medio mariño, no que os turistas embarcados non poderán exercer a actividade pesqueira

** Ley 33/2014, de 26 de diciembre, por la que se modifica la ley 3/2001, de 26 de marzo, de pesca marítima del estado.*

LEXISLACIÓN TURISMO MARIÑEIRO.

- *Estatutal: Ley 33/2014, de 26 de diciembre, por la que se modifica la ley 3/2001, de 26 de marzo, de pesca marítima del estado.*
- *Autonómica: Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación da lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia.*

Regulamentariamente, consultadas as comunidades autónomas, estableceranse as condicións de complementariedade e compatibilidade da actividade de pesca extractiva e pesca-turismo e as condicións do embarque da pasaxe. Dita regulamentación farase ao través dun Real Decreto que está pendente de publicación no Boletín Oficial do Estado.



Actividade de pesca turismo. Foto cedida por Pesca Turismo
(<https://www.pescaturismomallorca.com>)

3.- O PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA. PNMTIAG.



Nas Rías Baixas galegas, de Sur a Norte, emerxen do océano os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada para engrandecer unha paisaxe mariña única e singular. Baixo as augas que rodean estes arquipélagos agóchase unha inmensa riqueza difícil de describir con palabras, pois non parecen existir suficientes vocábulos para describir semellante biodiversidade.

Expoñemos a continuación unha breve descrición dos valores do Parque Nacional, un resumo de ideas que pretende ser unha sinopse daqueles termos ou ideas que debemos presentar ante os turistas, conceptos que nos axudarán a responder as súas preguntas e así satisfacer a súa fame de coñecemento.



No presente manual os seres vivos cítanse co nome vulgar máis estendido, acompañados do seu nome científico. A inclusión do nome científico obedece a idea de que se poida buscar máis información da especie no caso de ser necesario, non debemos asoballar aos turistas con estes nomes científicos como así se explica no apartado sobre Interpretación do Patrimonio.

3.1.-UN PARQUE CON PERSONALIDADE MARIÑA.

Se algo caracteriza ao noso Parque Nacional e a súa marcada personalidade mariña, un parque que sabe a mar, a brisa, a cantís e fermosas praias, a descoñecidos e inigualables fondos somerxidos nos que habita unha enorme biodiversidade.

Como podemos sintetizar esa personalidade nunha actividade dirixida aos turistas? a continuación presentamos unha ducia de preguntas coas súas respectivas respostas que agardamos sexan útiles na tarefa de elaborar os contidos para actividades de turismo mariñeiro no entorno do Parque Nacional.



A información facilitada presenta anotacións referidas á ***Guía de visita do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia***, que será o documento base de consulta para ampliar a información ofrecida neste manual.

Enlace descarga: <https://goo.gl/P22Hdm>



1) Que son os parques nacionais?



Espazos naturais, de alto valor ecolóxico e cultural, pouco transformados pola explotación ou actividade humana que, en razón da beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna, xeoloxía ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos destacados cuxa conservación merece unha atención preferente e se declara de interese xeral do estado.

Ley 30/2014, de 3 de diciembre, de Parques Nacionales.

Xa que logo os Parques Nacionais son lugares excepcionais nos que se conserva un patrimonio natural e cultural únicos que os fan merecedores dunha protección especial.

2) Ficha descriptiva do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. PNMTIAG.



- **Comunidade Autónoma:** Galicia
- **Provincias:** Pontevedra e A Coruña
- **Concellos:** Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira
- **Superficie:** 8.333 hectáreas totais: 1.194,8 ha terrestres e 7.285,2 ha mariñas
- **Arquipélagos:** Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada
- **Data de creación:** 1 de xullo de 2002, mediante a Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia



Outras figuras de protección

Rede Galega de Espazos protexidos:

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Complexo húmido de Corrubedo”; de 9.265 ha. Coincide parcialmente con Sálvora.
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Illa de Ons”, de 924 ha.
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Complexo Ons-O Grove”, de 7608 ha. Coincide parcialmente con Ons.
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Illas Cíes”, de 990 ha.

Espazos protexidos Rede Natura 2000:

- Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA): ZEPA “Illas Cíes” e ZEPA “Illa de Ons”.
- Zonas Especiais de Conservación (ZEC): “Complexo Húmido de Corrubedo”, ZEC (arquipélago de Sálvora), “Complexo Ons-O Grove”, (arquipélago de Ons), “Illas Cíes”, ZEC (arquipélago de Cíes).



Áreas protexidas por instrumentos internacionais.

Convenio para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico do nordés (OSPAR): Illas Atlánticas de Galicia”



Ademais, os arquipélagos de Ons e Cíes foron incluídos no inventario de áreas importantes para as aves en España (IBA 002 Illas Ons; IBA 001 Illas Cíes; SEO/BirdLife, 1998).

Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 15 á 18.



3) Que obxectivos ten a creación do PNMTIAG?



- Protexer a integridade dos ecosistemas ligados a zonas costeiras.
- Asegurar a conservación e recuperación, no seu caso, dos hábitats e as especies, así como a preservación da diversidade xenética.
- Asegurar a protección, recuperación, fomento e difusión dos seus valores medioambientais e do seu patrimonio natural, regulando de forma compatible coa conservación tanto a actividade investigadora e educativa como o acceso dos visitantes.
- Promover e apoiar no interior do Parque as actividades tradicionais compatibles coa protección do medio.
- Incorporar o Parque Nacional aos programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.

Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 259 á 261.

4) Cales son os valores máis significativos que preserva?



Sistemas naturais ligados a zonas costeiras e a plataforma continental¹ da rexión eurosiberiana²:

- cantís.
- matogueiras costeiras.
- dunas e areais.
- fondos mariños: de rocha, area, cascallo e maërl.
- "bosques" mariños de algas pardas .
- valores culturais.

Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 15 á 18.

¹A plataforma continental é a continuación submarina dos continentes.

² A rexión eurosiberiana coincide coa popularmente chamada España verde, e dicir, é a propia do Norte e Noroeste peninsular. Caracterízase por posuír temperaturas suaves e veráns húmidos, o que favorece o desenvolvemento da vexetación.



5) Que superficie ocupa?

O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia está formado polos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada e a contorna mariña que os arrodean.


Arquipélago	Superficie mariña (ha)	Superficie terrestre (ha)
Cíes	2658	433
Ons	2171	470
Sálvora	2309	248
Cortegada	147,2	43,8
TOTAL	7285,2	1194,8

6) Por que se denomina MARÍTIMO - TERRESTRE?

O nome revela que a protección do parque abrangue dous mundos ou ecosistemas: o Marítimo e o Terrestre.

No territorio español, na actualidade hai dous parques nacionais con estas características, o noso, o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre do Arquipélago de Cabrera.

No PNMTIAG o 86% da superficie protexida corresponde ao dominio mariño, con 7.285,2 hectáreas que inclúen as augas adxacentes a cada



Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 42 e 43.

un dos arquipélagos e os fondos mariños baixo elas. O medio mariño configurase como o principal valor do Parque Nacional e constitúe unha das principais razóns que motivaron a súa declaración como espazo protexido.

7) Como se formaron as illas atlánticas?

AS MONTAÑAS QUE SOÑARON SER ILLAS.

As illas atlánticas son de “recente aparición”, mais as rochas que as forman teñen centos de millóns de anos. A formación das rías e illas tivo lugar como consecuencia de sucesivos movementos da cortiza terrestre que comezaron hai 60 millóns de anos e que en último termo provocaron o afundimento da costa e posterior inundación dos vales dos ríos polo mar por primeira vez hai aproximadamente 120.000 anos: ao penetrar o océano nos vales dos ríos o límite occidental das serras costeiras converteuse nos cabos que secundan as nosas rías hoxe en día, e os cumios mais elevados da antiga costa quedaron separados polo mar formando as illas que coñecemos.



Dende esa época houbo sucesivas subidas e baixadas do nivel do mar. Hai 80.000 anos comezou a última glaciación que rematou hai 18000 cando o nivel chegou a estar ata 120 metros por debaixo do actual, uníndose as illas novamente ao continente. Pouco a pouco no período presente interglacial¹ o nivel do mar foi subindo e aproximadamente hai 6000 anos naceron as illas e rías tal e como as podemos observar hoxe.



A formación das illas paso a paso.

Se puidésemos viaxar no tempo e retroceder 500 millóns de anos atoparíamos unha paisaxe irrecoñecible. Daquela non existía a Península Ibérica, pois o lugar que hoxe ocupa naqueles tempos estaba somerxido baixo o mar.

- Hai uns 280 millóns de anos o territorio que hoxe en día sería a Península formaba parte dun dos dous únicos continentes que existían. Ambos megacontinentes colidiron quedando fusionados nun só (Panxea), nunha colisión que durou 100 millóns de anos na que se formaron sistemas montañosos con elevacións similares ás que podemos observar actualmente na cordilleira do Himalaia. O principal sistema montañoso creado coñécese como Cordilleira Varisca ou Hercínica. Co paso do tempo, esta cordilleira foi erosionándose: as rochas que hoxe en día observamos nas nosas rías e illas son a base daquela antiga cordilleira.
- Hai 250 millóns de anos: Panxea comeza a fracturarse iniciándose así a formación dos actuais continentes.
- Hai 60 millóns de anos: o territorio da Península Ibérica é recoñecible asemellándose á forma actual. Novos movementos provocan o afundimento da costa.
- Hai 120.000 anos: aumenta o nivel do mar e inunda os vales dos ríos aparecendo por primeira vez as rías e illas atlánticas.

¹ intervalo climático que separa dous períodos glaciares ou glaciacións no que se produce un temperamento global do clima.

- Hai 10.000 anos: co final da glaciación aumenta novamente o nivel do mar ata inundar as rías, aparecendo as illas tal e como as coñecemos hoxe en día.

Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 21 á 26.

UN ESCULTOR INCANSABLE.

Minuto a minuto a meteorización e a erosión exercen o seu incesante traballo sobre as rochas debilitándoas e transformándoas. As rochas que observamos nas illas son a base, as raíces, daquela cadea montañosa Varisca que naceu hai uns 300 millóns de anos e que co paso do tempo foi desgastada pola meteorización e a erosión como se dunha lima se tratase. Pouco a pouco fóronse xerando os diferentes substratos sobre os que se asentán agora os seres vivos: bolos, cantos, areas, lodos ... En consecuencia, a orixe dos diferentes biótopos¹ que atopamos hoxe en día no Parque Nacional ten relación directa coa labor exercida por estes axentes modeladores da paisaxe.

Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 27 á 29.



¹ Parte non viva do ecosistema. Espazo que presenta uniformidade en canto ás condicións necesarias para a existencia dunha comunidade animal e vexetal determinada.

8) Por que atopamos tanta vida nas augas do parque?



A RECETA DA RIQUEZA MARIÑA.

O noso medio mariño posúe as condicións idóneas para o asentamento e desenvolvemento dunha gran riqueza biolóxica. Esta gran BIODIVERSIDADE é froito da suma de moitos factores ou ingredientes que presentan interaccións, entre os que podemos destacar:

- Variedade de substratos e relevo dos fondos: na práctica supón unha boa oferta de lugares nos que vivir.
- Ascenso das augas profundas: supón o ascenso nutrientes imprescindibles para alimentar aos microorganismos que a súa vez son a base da cadea alimentaria.
- Circulación das correntes mariñas dentro e fóra da ría: moven sedimentos e nutrientes e renovan as augas de xeito que axudan a evitar problemas de escaseza de nutrientes ou episodios puntuais de contaminación.
- Bondade climática: os ambiente extremos diminúen a biodiversidade e os climas benignos a favorecen.

Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 49 e 50.




A biodiversidade serve de sustento á actividade pesqueira tradicional de carácter artesanal. Necesita ser conservada por ser unha representación dos ecosistemas costeiros e mariños atlánticos máis valiosos do noso país, e como garantía de que as xeracións futuras poidan seguir gozando dela e aprobeitándoa de xeito sostible.



9) Como se distribúen os seres vivos no medio mariño?

CADA QUEN NO SEU LUGAR: a presenza dos seres vivos na zona costeira depende de moitos factores ambientais como o substrato, a luz, a exposición ás correntes, á ondada, os nutrientes ou as relacións con outras especies. Deste xeito os seres que viven sobre o fondo distribúense por ZONAS en función das súas adaptacións e necesidades.



Máis información: Guía PNMTIAG, páxinas 51 e 52.

10) Que seres vivos podemos atopar no medio mariño?



QUEN VIVE AHÍ?

A VIDA NO MEDIO MARIÑO.

Que se agocha nas augas baixo o casco do noso barco?
VIDA, moita VIDA.

Por mor da variedade física dos fondos e das súas condicións ambientais o medio mariño alberga unha biodiversidade excepcional.

PLANTAS

- **Fanerógamas:** son as plantas que producen flores e sementes. Hainas tamén mariñas, como as cebas (*Zostera spp*), que habitan augas pouco profundas e fondos areosos. Son recoñecibles polas follas alongadas coma cintas verdes.

Constitúen un hábitat de extraordinario valor no que moitas especies de peixes e cefalópodos agochan os seus ovos.

- Algas: plantas acuáticas sen flor. Poden ser unicelulares ou microscópicas, ou de gran tamaño como as algas verdes (clorófitas), pardas ou marróns (feofitas), e vermellas (rodófitas).

ANIMAIS.

- Poríferos ou esponxas: as esponxas de baño naturais que todos coñecemos son os esqueletos dalgúns organismos pertencentes a este grupo fáunico.
- Cnidarios: posúen tentáculos con células con substancias urticantes que utilizan para capturaren as presas. Forman parte deste grupo as medusas, os corais, as anémones e outros similares.
- Vermes de diferentes tipoloxías: platelmintos (planos), nemertinos, nematodos (vermes cilíndricos sen segmentos) e anélidos (segmentados), como os vermes poliquetos coñecidos como miñocas de mar e tamén coma cagóns por mor das deposicións de area semellantes a espaguetes enrolados que deixan na abertura do túnel onde viven.
- Crustáceos. artrópodos mariños con cuncha que protexe o seu corpo e que mudan para medrar. Neste grupo inclúense animais como percebes, pulgas de mar, camaróns, santiaguíños, cangrexos, nécoras, centolas e outros similares.
- Moluscos. son animais con corpo brando envolto por unha membrana chamada manto que segrega a cuncha. Inclúense aquí os bivalvos -como o mexillón-, os gasterópodos -como os caramuxos, as lapas ou as babosas mariñas-, e tamén os cefalópodos -como o polbo e o choco-.

- Equinodermos. teñen un esqueleto calcario interno. Inclúe ofiuras, estrelas de mar, ourizos e cogombros de mar.
- Peixes: vertebrados totalmente adaptados á vida acuática, poden ser cartilaxinosos como as quenllas e as raias ou de esqueleto óseo como o linguado, a robaliza, etc.
- Mamíferos mariños: vertebrados acuáticos con respiración aérea por pulmóns: baleas, toniñas, golfiños...



11) E onde viven? Principais hábitats mariños.

OS FONDOS E OS SEUS INQUILINOS:

A.- “VIVENDAS” SÓLIDAS E FIRMES: OS FONDOS ROCHOSOS.

Nos fondos de rocha podemos atopar auténticos “bosques submarinos” formados por comunidades de algas pardas de gran tamaño” (*Saccorhiza polyschides*, *Saccharina latissima* e *Laminaria spp*) capaces de amarrarse fortemente nestes substratos cos seus rizoides¹.

¹Estrutura que actúa como raíz.



Estes bosques de algas teñen gran importancia ecolóxica pois son importantes produtores primarios que fornecen materia vexetal para a rede alimentaria costeira e ao mesmo unha gran variedade de formas de vida atopan neles acubillo e alimento.

B.- “VIVENDAS” INESTABLES: FONDOS MÓBILES.

Aínda que nunha primeira ollada estes lugares semellan desertos deshabitados, o certo é que agochan poboacións animais moi numerosas pero tamén moi ocultas, centos de seres vivos adaptados a viviren soterrados nestes lugares inestables, cambiantes, constituídos por materiais soltos.

Principais fondos móbiles no PNMTIAG:

- Fondos de AREA.
- Fondos de MAËRL.
- Fondos de CASCALLO.



FONDOS DE AREA: en continuo movemento.

Fórmanse naquelas zonas nas que as correntes mariñas perden forza e non son quen de continuar transportando os sedimentos areosos que arrastran no seu interior.

Habitantes das areas:

- As praias: nelas é doado localizar ás inqedas pulgas da area (*Talitrus saltator*), grandes saltadoras que durante o día permanecen soterradas en galerías escavadas na area, saíndo pola noite para alimentarse entre as algas da arribazón, limpando os grans de area un a un. As pulgas da area forman parte da dieta de moitas especies de peixes e aves. As femias literalmente dan a vida polas súas crías, pois primeiramente transportan os ovos baixo o seu corpo e despois, cando se produce a súa eclosión, inxiren as fillas para que se alimenten do seu propio corpo.

- A zona submareal:

Algas: nas zonas máis protexidas e iluminadas aparecen algas de formas curiosas, como a *Padina pavonia*, que posúe forma de abano ou cola de pavo.


Fauna:

- Moluscos: abundan os bivalvos como a vieira (*Pecten maximus*) ou a volandeira (*Aequipecten opercularis*) que tal como indica o seu nome común, parece voar nas augas cando escapa dun depredador. Tamén viven nestes ambientes outros bivalvos coma os berberechos (*Cerastoderma edule*), as ameixas babosas (*Venerupis pullastra*), reloxos (*Dosinia exoleta*) ou navallas (*Ensis spp.*), cuxo nome fai referencia á forma das valvas -pezas duras e móbiles que forman a súa cuncha- que lembra ao mango onde se garda a folla deste tipo de coitelos; entre os cefalópodos destaca un mestre da camuflaxe ou mimetismo, o choco, tamén coñecido como sepia ou xiba (*Sepia officinalis*).



- Vermes: nestes fondos areosos habita o animal de maior tamaño que podemos atopar no Parque Nacional e tamén un dos maiores do planeta Terra, o verme “cordón de bota” *Lineus longissimus*, que pode acadar os 50 m de lonxitude total. Este verme produce un moco que contén unha neurotoxina que utiliza para defenderse dos depredadores.
- Crustáceos: o cangrexo ermitá *Diogenes pugilator* posúe unator posúe un abdome máis brando que outros cangrexos, por iso busca cunchas baleiras de moluscos gasterópodos para protexelo dentro. Cada vez que medra debe trocar a súa cuncha por outra meirande. Pola contra o cangrexo peludo *Atelecycclus undecimdentatus* bástalle con soterrarse na area para desaparecer da vista dos depredadores.
- Equinodermos: é frecuente a presenza ofiuras e estrelas de mar da especie *Astropecten irregularis*. O ourizo da area *Echinocardium cordatum* pasa a vida soterrado alimentándose da materia orgánica que atopa entre os graos de area. Despois dos temporais que remexen a area do fondo é doado atopar as cunchas calcarias internas destes animais entre os restos da arribazón nas praias.
- Peixes: os mellor adaptados a estes ambientes son os peixes planos. Camúflanse soterrando o corpo na area e deixando soamente os ollos vixiantes por riba dela. Peixes como a solla (*Platichthys flesus*), o rodaballo (*Psetta maxima*), as raias (*Raja spp.*) ou a faneca brava (*Echiichtys vipera*), esta última con mala sona entre os bañistas, pois ao ser pisada cando descansa tranquilamente soterrada na area produce unha picadura moi dolorosa ao inxectar un veneno que produce inflamación, vómitos, febre e en casos excepcionais ata insuficiencia respiratoria. O veneno atópase nos radios espiñentos da primeira aleta dorsal e nas espinas do opérculo.





FONDOS DE MAËRL: unha xoia chea de vida.

A palabra maërl fai referencia a uns fondos moi particulares nos que se acumulan milleiros de pequenos anacos dun tipo de algas duras pero moi fráxiles semellantes aos corais denominadas algas coralinas como a *Lithothamion corallioides* e *Phymatolithon calcareum*.

Os depósitos de maërl forman unha intrincada rede que provén refuxio e protección fronte aos depredadores a unha gran diversidade animal entre a que destaca o grupo dos bivalvos, moitos deles de interese comercial como a ameixa loura (*Venerupis rhomboides*), o reloxo (*Dosinia exoleta*), a volandeira (*Aequipecten opercularis*) ou a vieira (*Pecten maximus*).

O maërl tamén serve de REFUXIO as fases xuvenís de especies como a nécora (*Necora puber*), a centola (*Maja brachydactyla*), o choco (*Sepia officinalis*) ou especies comerciais de peixes como o abadexo (*Pollachius pollachius*).

As comunidades de maërl son un hábitat de alto valor ecolóxico pola súa elevada diversidade fáunica e por seren zonas que actúan como viveiro natural; son consideradas de interese comunitario e están contempladas na Directiva Hábitats. As algas que forman o maërl son

de crecemento moi lento, cunha taxa de 1mm/ano, polo que este tipo de fondos tardan moito tempo en formarse, sendo sensibles a diversos impactos, entre outros: a pesca de arrastre, a proliferación de especies invasoras e a acumulación de sedimentos finos.

FONDOS DE CASCALLO: no mar sempre se recicla.

Denomínanse así os fondos formados por restos de cunchas de moluscos, sobre todo bivalvos e gasterópodos, que se acumulan chegando a formar espesores de varios centímetros. Os bivalvos e gasterópodos ao morreren deixan como herdanza protectora as súas cunchas calcarias que forman un labiríntico refuxio no que se agocha unha variada fauna. Resulta un paradoxo que estas cunchas de bivalvos dan protección aos propios bivalvos, como a vieira (*Pecten maximus*), a zamburiña (*Chlamys varia*), a ameixa loura (*Venerupis romboides*), o berberecho (*Cerastoderma edule*), ou a navalla (*Ensis spp.*); tamén habitan estes fondos de cascallo cefalópodos como o choco (*Sepia officinalis*) ou o polbo (*Octopus vulgaris*) e unha gran variedade de vermes poliquetos, esponxas, ofiuras e cogombros de mar.



ZONA PELÁXICA: a vida na infinidade do mar.

Coñecemos como zona peláxica á franxa de auga que vai desde a superficie ata a máxima profundidade. Nesta columna de auga habitan aqueles seres vivos que non precisan de estar en contacto co fondo.

- **plancto:** pequenos seres errantes, principalmente microscópicos, que se atopan en suspensión na auga do mar e se desprazan de xeito pasivo, deixándose levar polas correntes. Dous tipos: fitoplancto ou plancto vexetal, e zooplancto ou plancto animal. O fitoplancto é o alimento do zooplancto e este a súa vez serve de alimento a equinodermos, crustáceos e peixes en estado larval.
- **necto:** seres vivos capaces de nadar de forma activa coma os peixes e os mamíferos mariño ou crustáceos coma o patexo (*Polybius henslowii*), un cangrexo adaptado a vivir en augas abertas, de feito moitas veces forma verdadeiros enxames peláxicos. Estes cangrexos son con diferenza a presa mariña máis importante das gaivotas patiamarelas (*Larus michahellis*) nas costas de Galicia, sobre todo na estación reprodutora, aparecendo restos deles no 36,4% das egagrópilas das gaivotas.
- **Peixes:** algúns nadan en cardumes como os bolos (*Ammodytes tobianus*), ou as rinchas (*Scomber scombrus*), e outros pola contra son solitarios como o peixe de San Pedro (*Zeus faber*). Os bolos son peixes territoriais, as veces agóchanse soterrados na area e noutras nadan en cardumes. Aliméntanse de zooplancto e son presa doutros peixes como as robalizas (*Dicentrarchus labrax*) ou tamén das aves mariñas. Os bolos, xa que logo, desempeñan un importante papel ecolóxico ao seren alimento comodín para moitas especies da fauna.
- **Mamíferos mariños:** a zona peláxica é tamén o reino dos mamíferos mariños ou cetáceos. Algunhas especies que



podemos observar no entorno das illas atlánticas son o arroas, (*Tursiops truncatus*), o golfinho común (*Delphinus delphis*), a toniña (*Phocoena phocoena*) ou o caldeirón (*Globicephala melas*).

Máis información: Guía PNMTIAG páxinas 53 á 72.




PASAR DESAPERCIBIDOS:

A camuflaxe é unha estratexia biolóxica que permite aos seres vivos pasaren desapercibidos imitando a súa contorna ou a outra especie diferente. Os peixes peláxicos por exemplo, teñen unha coloración que imita á do seu hábitat natural: lombo azul-agrisado para confundirse co azul do mar cando son vistos dende o aire, e abdome prateado para semellar os reflexos da luz na auga cando son vistos desde abaixo.

A VIDA TERRESTRE DO PARQUE NACIONAL: adaptándose ás severas condicións ambientais.

A insularidade proporciona unhas condicións ambientais moito máis severas das que atopamos no continente. A flora e a fauna terrestres tiveron que adaptarse, durante milleiros de anos a estas novas condicións: elevada salinidade no aire, ventos oceánicos, salpicaduras das ondas, escaseza de substrato, etc.



Na zona terrestre das illas atopamos maioritariamente ecosistemas costeiros como dunas, cantís ou matogueiras.

FLORA TERRESTRE.

Os factores que mais influen na distribución da flora terrestre son a aridez, o sal e o vento. Os distintos ecosistemas do Parque albergan unha variada vexetación aclimatada a estas condicións:



Areais e dunas: son zonas moi áridas, que podemos asemellar aos desertos no tocante a escaseza de auga doce. As plantas que aquí sobreviven presentan adaptacións especiais a estes medios: cores claras que reflicten a forte insolación, raíces profundas e moi ramificadas que permiten ancorarse suxeitando as areas móbiles, bulbos de reserva de auga que actúan coma depósitos para as épocas de escaseza, follas engrosadas e reforzadas coas que protexerse da forza do vento e da abrasión pola area, etc. Deste xeito, a maioría das plantas que atopamos nos areais e dunas son exclusivas destes ambientes, de aí a importancia da súa conservación. Algúns exemplos: o feo de praia (*Ammophila arenaria*), a cebola das gaivotas (*Pancratium maritimum*),

o alelí das praias (*Malcolmia littorea*) ou o cardo marítimo (*Eryngium maritimum*) son comúns nestes hábitats. Pola contra podemos atopar outras de distribución moito máis reducida, de gran importancia ecolóxica son a *Armeria pungens* ou a camariña (*Corema album*), especie moito máis abundante no pasado como así testigan diversos topónimos na costa galega: Camariñas, Pobra do Caramiñal...



Cantís: os condicionantes máis importantes neste ambiente son a escaseza de substrato e os fortes ventos cargados de salitre, así como a nitrificación do solo causada por mor da acumulación de excrementos das aves mariñas. Así, neste ambiente soamente sobreviven plantas que desenvolveron adaptacións a estas condicións coma o pirixel de mar (*Critchmun maritimum*), a herba de namorar (*Armeria maritima*) ou a macela mariña (*Matricaria maritima*). Como planta exclusiva do noroeste peninsular destaca o brizo mariño (*Angelica pachycarpa*), sempre asociada aos cantís onde se asentam as colonias de gaivotas.



Matogueiras: neste ambiente dominan os toxos acompañados doutras especies de carácter submediterráneo como o trobisco (*Daphne gnidium*) e a carpaza moura (*Cistus salviifolius*). Cabe destacar a presenza do abruñeiro (*Prunus spinosa*), que forma coirazas espiñentas de vexetación de gran importancia como refuxio para a fauna. Como especie exclusiva do noso PNMTIAG destaca a xesta *Cytisus insularis*, un endemismo que polo de agora so se atopou no Parque Nacional e nalgún punto do ámbito de influencia do continente e que está catalogada como en perigo de extinción.




Bosques: as formacións arbóreas son principalmente produto das repoboacións humanas feitas con especies exóticas. Aínda así conserváronse en redutos illados especies autóctonas coma o cerquiño (*Quercus pyrenaica*). Hoxe en día a distribución das especies autóctonas está aumentando grazas á eliminación de especies exóticas invasoras e a reforestación con especies autóctonas. Cortegada é sen dúbida a illa que atesoura o meirande bosque, o súa topografía - practicamente plana- e situación -moi resgardada no interior da ría de Arousa- permite o desenvolvemento predominante de vexetación arbórea, destacando os espectaculares bosques de loureiro (*Laurus nobilis*) con exemplares que acadan os 12 metros de altura.
Máis información: Guía PNMTIAG páxinas 81 á 104.

FAUNA TERRESTRE.

A fauna terrestre non voadora iniciou un camiño de adaptación ás novas condicións ambientais creadas hai 6000 anos, cando as illas deixaron de estar unidas ao continente. O longo proceso de adaptación aos condicionantes ambientais insulares supuxo o desenvolvemento de características propias que hoxe en día os diferencian das poboacións continentais. Son polo tanto seres vivos únicos, singulares, moi sensibles a calquera variación nas condicións do seu hábitat, e a súa conservación merece unha especial atención e esforzo.

As aves mariñas son sen dúbida os representantes da fauna terrestre máis visibles. Na época de reprodución reúnense por milleiros nos escarpados cantís. Destacan especialmente as colonias de cría de gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) e de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), cuxas poboacións son un referente a nivel mundial.

Outras aves mariñas que nidifican no Parque son a gaivota escura (*Larus fuscus*) e o paíño (*Hydrobates pelagicus*), así como a pardela cincenta (*Calonectris diomedea*), especie de recente nidificación nas Cíes que actualmente é obxecto dun proxecto de para favorecer o seu asentamento.



Gaivota patiamarela (*Larus michahellis*)



UNHA AVE DE LENDA: a pardela cincenta. (*Calonectris diomedea*).

Esta ave pasa a meirande parte da vida no mar e unicamente acode á terra na época de reprodución. Cada vez que regresa ao niño emite sons nasais e guturais. Estes cantos estraños emitidos ao anoitecer foron confundidos por algúns homes de mar con cantos de sereas.

O seu nome específico "diomedea" fai referencia ao heroe mitolóxico Diomedes, que loitou vitorioso na guerra de Troia. Unha das moitas lendas sobre a súa morte, afirma que a deusa Afrodita vendo aos homes de Diomedes chorar desesperadamente cando este faleceu, transformounos en paxaros da familia Diomedidae (albatros), para que puidesen acudir e estar de garda na tumba do seu heroe.

Entre os mariñeiros crese que estas aves traen bo augurio; o feito de matar ou danar unha delas podería atraer desgrazas, posto que nelas habitan as almas dos mariñeiros mortos no mar.

Na tempada invernal ou en paso migratorio podemos observar ao corvo mariño grande (*Phalacrocorax carbo*), o mascato (*Morus bassanus*), a pardela balear (*Puffinus mauretanicus*), o arao romeiro (*Alca torda*) e o carrán cristado (*Thalasseus sandvicensis*).

Máis información: Guía PNMTIAG páxinas 114 á 133.

12) PESCA SOSTIBLE- PESCA ARTESANAL.



CC Public Domain. www.pxhere.com

É responsabilidade de todos salvagardar a enorme riqueza que albergan as augas e fondos mariños das Illas Atlánticas e contorna, unha riqueza natural que contribúe a soste economicamente ás poboacións próximas ao través das diferentes actividades empresariais que xurdiron en torno ao mar. A regulación da pesca no Parque Nacional fai posible a conservación e o uso sostible dos recursos pesqueiros.



RESERVAS MARIÑAS.

A importancia da protección do medio mariño queda patente en que cada vez son máis as reservas mariñas integrais declaradas a iniciativa dos propios pescadores. Estas reservas mariñas actúan como viveiros naturais que axudan na rexeneración e repoboación dos ecosistemas mariños. Un exemplo é a reserva mariña "Os Miñarzos" (Lira-Carnota), a máis extensa de Galicia.

Nas Rías Baixas galegas exercen a súa actividade máis de 2500 embarcacións de artes menores e cerco, moitas delas nas augas que delimitan o PNMTIAG e o seu entorno. Esta pesca artesanal é exercida no 99% por embarcacións menores de 12 metros de eslora, cunha tripulación de 1 a 4 persoas que traballan de luns a venres.



A.- ESPECIES MAIS REPRESENTATIVAS CAPTURADAS.

- Polbo (*Octopus vulgaris*): especie estrela da flota de baixura que se captura principalmente coas “Nasas de Polbo” por embarcacións de portos como Baiona, Vigo, Cangas, Bueu, Aldán, Portonovo, O Grove, Cambados e Ribeira.
- Percebe (*Pollicipes pollicipes*): habita nos rochedos e cantís das illas Cíes, Ons e Sálvora, que producen os percebes de maior calidade de Galicia. Recurso explotado polas Confrarías de Cangas, Bueu e Aguiño mediante Plans de Explotación que regulan a cantidade e número de días nos que se pode acceder ao recurso.
- Centola (*Maja brachydactyla*): captúrase por embarcacións con artes de “enmalle”, principalmente miños. As principais capturas se obteñen nos meses de novembro e decembro.

- Navalla (*Ensis arcuatus*): pesca realizada baixo Plans de Explotación. Captúranse mediante mergullo con subministración de osíxeno dende a superficie na cara Leste das Illas do Parque Nacional. A extracción realízase unha a unha, sen impacto no leito mariño. Teñen sona as navallas de Cíes polo tamaño e as de Melide en Ons por estaren certificadas co selo MSC de pesca sostible.
- Ameixas: varias especies de interese comercial como a ameixa babosa (*Venerupis pullastra*), ameixa rubia (*Venerupis rhomboides*) e a cornicha (*Spisula solida*). A súa extracción realízase tanto por embarcacións de marisqueo a flote como a pé empregando técnicas de extracción non agresivas co medio. Os maiores bancos localízanse no entorno da Illa de Sálvora e Cortegada, ambas na Ría de Arousa.



Marine Stewardship Council
Pesca sostenible certificada

- **Peixes:**

- Peixe azul: sardiñas, xurelos, rinchas... son capturados utilizando artes de pesca de “enmalle” e cerco.
- Peixe branco: a robaliza (*Dicentrarchus labrax*), dourada (*Sparus aurata*), rodaballo (*Psetta maxima*) e linguado (*Solea vulgaris*) son especies de alto valor comercial capturadas por las flotas de “enmalle”. Outras especies capturadas son a maragota, raías, peixes porco, congros, etc... capturadas mediante diversas artes, sendo as capturas de “anzol” de maior calidade e prezo.

Outras especies de interese: algas (*Undaria pinnatifida*), ourizos de mar (*Paracentrotus lividus*), orellas de mar (*Haliotis tuberculata*), choco (*Sepia officinalis*), ou faneca (*Trisopterus luscus*), etc.

B.- ARTES DE PESCA traballadas no PNMTIAG.

Nas augas do Parque Nacional traballan un total de 885 embarcacións de pesca artesanal, cunha tripulación de 1.791 persoas, sendo a facturación media estimada de 25.174.814.78 € cunha dependencia directa do 93.2 %.



RÍA	EMBARCACIÓNS	TRIPULANTES	FACTURACIÓN	%USO	ILLA
VIGO	245	495	6.340.786,38	92,5	CIES/ONS
PONTEVEDRA	27	507	7.630.000	94	ONS
AROUSA	393	789	11.204.028,4	93	SÁLVORA / CORTEGADA
TOTAL	885	1791	25.174.814,78	93,2	

Fonte: PROXECTO CONXUNTO DE COOPERACIÓN “Mellora da gobernanza na xestión pesqueira artesanal no ámbito do Parque Nacional Illas Atlánticas”. Galp Ría de Arousa, Galp Ría de Pontevedra e Galp Ría de Vigo-A Guarda.


Artes de pesca traballadas en cada arquipélago:
(Consultar mapas ao final da Guía)



A coñecida como “pesca do día” produce capturas de pescado e marisco de gran calidade e frescura. Esta **pesca artesanal** realízase en Galicia ao través do emprego de máis de **corenta Artes de Pesca**, reguladas polo *Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia*:



Nasas: As nasas son artes pasivas, fixas de fondo, que están construídas en forma de cestos ou gaiolas, compostas por un armazón ríxido ou semirríxido, que normalmente está recuberto de rede. Están provistas dunha ou varias aberturas ou bocas que permiten a entrada das distintas especies ao interior do habitáculo que forma a arte, atraídas xeralmente polo engado colocado dentro del. Usadas para a captura de polbo, nécora, camarón, centola, choco, faneca e congro. Para a pesca profesional marítima regúlanse as seguintes nasas: nasas para peixes, nasa voitirón e nasa para anguía.



Enmalle: son aquelas que utilizan panos de rede e están armadas de tal xeito que capturan as especies mariñas ao quedaren estas embolsadas ou atrapadas nas mallas das redes rectangulares que as constitúen. Poden estar formadas por un ou tres panos de rede e, segundo as especies ás que vaia dirixida, poden calarse no fondo ou quedar á deriva.

Tipos: Rasco, a volanta, as artes menores fixas (as vetas, as volantillas, os volantíns, os trasmallos, os miños e as raeiras) e as artes menores de deriva (o xeito).

Anzol: Enténdense por aparellos de anzol aqueles útiles de pesca compostos basicamente por cabos de fibra e anzois: a liña ou cordel, o palangre e o palangrillo.

Marisqueo: Utilízanse diferentes tipos de instrumentos como a *fisga*, *rasqueta*, *fouciño*, *salabardo*...

Artes de cerco: artes activas que embolsan os cardumes de peixes. Constituídas por unha rede rectangular sustentada por flotadores e mantida verticalmente por pesos. Utilizadas para a captura de peixe azul como a sardiña, xurelo e rincha. Tipos: cerco, racú e piobardeira.

Elementos auxiliares de pesca: Non son artes de pesca como tales, serven para axudar nos labores de extracción. Son o bicheiro, trueiro, mirafondos, etc.



MARISQUEO A PÉ:

- Sachos, angazos, fouces, ganchelos e calquera outra ferramenta manual que permita remover o sedimento superficial para recoller coas mans os moluscos bivalvos.
- Rañica ou gancha a pé: é un raño de pequenas dimensións.
- Forquita: platina metálica á cal se unen numerosos dentes lixeiramente curvados. Manexase mediante dous mangos.
- Coitelos e rasquetas para moluscos gasterópodos.

MARISQUEO DESDE EMBARCACIÓN CON VARA. Constan dunha armazón metálica soldada a unha platina provista de dentes, que leva no seu extremo superior un soporte tubular para a fixación da vara: os raños, os rastros e as ganchas.

MARISQUEO DESDE EMBARCACIÓN CON RASTROS

REMOLCADOS. Artes que constan dunha armazón metálica rectangular á que se une un cope de rede ou metálico: o rastro de vieira ou volandeira, o rastro de camarón e o endeño remolcado.

MARISQUEO CON ÚTILES E TÉCNICAS TRADICIONAIS SELECTIVAS.

- Bicheiro ou forquita: aparello formado por un mango que leva no seu extremo unha ou dúas pugas curvadas. Emprégase para a captura de polbo, centola e ourizo.
- Trueiro: útil de pesca formado por un mango que leva no seu extremo un aro provisto de cope de rede. Emprégase para a captura do camarón e como elemento auxiliar doutras artes.
- Femieira: consiste nunha técnica de pesca que se realiza usando femias como engado para a captura do choco.



C.- OUTROS RECURSOS ÁREA DE INFLUENCIA.



Cada día recóllense nos areais e nas bateas das Rías Baixas milleiros de bivalvos, coñecidos popularmente como “**marisco de cuncha**”. Pero detrás do proceso final de recolección hai un montón de traballo previo e moi laborioso, que a meirande parte dos turistas descoñecen.

BATEAS: A batea é o sistema de cultivo tradicional de mexillón* en Galicia. Trátase de viveiros flotantes formados por unha trama de madeira de eucalipto ancorada ao fondo e suspendida mediante un sistema de flotadores. Da batea penden cordas, cables, cestos e outros elementos para o cultivo de especies mariñas. A superficie das bateas ten como máximo de 550 metros cadrados. A lonxitude máxima de corda de engorde, o número máximo de cordas, a densidade das mesmas, así como a súa lonxitude, son determinadas por orde da Consellería de Pesca.

** tamén existen bateas para o cultivo de ameixa, pectínidos e ostras.*



Extraendo o mexillón. Foto cedida por Amare Turismo Náutico.

PASOS DO PROCESO DE CULTIVO DO MEXILLON.

1.- OBTENCIÓN DA SEMENTE ou MEXILLA: as larvas dos mexillóns nadan libremente nas augas ata fixarse nas rochas. De decembro a abril os bateeiros recollen os pequenos mexillóns coñecidos como mexilla nas rochas máis batidas do litoral por medio de rasquetas. Noutros casos as larvas son atraídas mediante cordas colectoras penduradas da batea na época de desove (marzo a xuño) e especialmente deseñadas para que as larvas se peguen a elas.

2.- ENCORDADO: a mexilla de 1-2 cm átese en cordas mediante unha rede biodegradable. Co tempo de fabricará a súa cola natural, o bisco, coa que quedarán adheridas.

3.- DESDOBRE: pasados de 4 a 6 meses o mexillón xa acadou uns 5 cm e aumentou o seu peso. É o momento do desdobre das cordas, ou o que é o mesmo, dividir cada corda inicial en dúas ou tres para repartir os mexillóns e o seu peso.

4.- COLLEITA E SELECCIÓN: a talla comercial acádase aproximadamente despois dun ano dende o desdobre. É o momento dos barcos mexilloeiros que son os encargados de levantar as cordas da auga cun guindastre e subilas a bordo. Na cuberta os mexillóns



sepáranse por tallas e embólsase no caso de ter como destino a comercialización directa ou deixase a granel no caso de comercializarse para fábricas. O mexillón destinado ás empresas transformadoras é recollido ao principio do verán, namentres que o destinado ao consumo en fresco en outono ou inverno.



CC Public Domain. JL Cernadas. www.pxhere.com.

AMEIXAS E BERBERECHOS.

A *Venericultura* ou cultivo de ameixas comezou en España a mediados do século pasado. En Galicia cultívanse varias especies de moluscos bivalvos: ameixa loura, babosa, xapónica, branca, fina, berberecho ou carneiro (*Venus verrucosa*) son as variedades máis comúns.

Etapas do cultivo:

PRODUCCIÓN: nun viveiro reproducéanse as ameixas para conseguir a “semente” de ameixa.

SEMENTEIRA: as sementes que chegan do viveiro pasan por un proceso intermedio, pois precisan aumentar o seu tamaño para non ser presa doada de depredadores naturais como cangrexos e para adaptárense ás novas condicións ambientais. Sitúanse protexidas con mallas nuns sementeiros próximos á zona onde se cultivarán posteriormente, neles pasarán de 5 a 6 meses. Despois trasládanse a parcela de engorde. As ameixas medran máis no verán ao filtraren máis auga, feito que queda rexistrado nas súas cunchas nos denominados “aneis de crecemento” que reflicten a diferente velocidade de crecemento nas distintas épocas do ano.

RECOLLIDA e POXA: unha vez que o molusco acada o tamaño comercial é cando as mariscadoras -estas labores se desenvolven maioritariamente por mulleres- saen coas súas artes de pesca para recoller estes moluscos. Unha vez cada mariscador/a alcanza o coubo máximo de capturas diario o marisco é levado á lonxa para a poxa. Despois de poxados os lotes son levados ás depuradoras para levar a cabo o último proceso antes da comercialización: a depuración.



COMERCIALIZACIÓN: completado o proceso de depuración o marisco é envasado e enviado ás diferentes canles de distribución.

3.2- LEXISLACIÓN E NORMATIVA ESPECÍFICA.

O principal o obxectivo do Parque Nacional é a conservación dos seus valores naturais e culturais. Para lograr este obxectivo e compatibilizalo cos distintos usos que se realizan no parque existe unha lexislación entre a que compre salientar:

- *Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*
- *Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza (Comunidade Autónoma de Galicia).*
- *Lei 5/2007, de 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais.*

- *Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.*

Instrumentos de planificación:

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais. PORN. (*Decreto 274/99, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas. e DECRETO 88/2002, do 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espazo Natural da Illa de Cortegada e o seu contorno.*) O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais é un instrumento de planificación territorial que marca as directrices xerais para a xestión do espazo protexido.

Plan Reitor de Uso e Xestión. PRUX. Pasado xa o período de alegacións públicas, entrará en vigor proximamente. Trátase dun instrumento concreto que permite a xestión, protección e conservación dos valores mediante o adecuado uso e xestión dos recursos, co fin de garantir un aproveitamento sostible en harmonía co desenvolvemento das poboacións. No PRUX se detallará aínda máis a normativa a aplicar dentro deste espazo natural protexido.

Como podemos axudar?

É importante a nosa colaboración para conservar o espazo natural e os recursos que integra. O goce do medio ambiente é un dereito fundamental de tódolos cidadáns polo que é preciso manter unha actitude responsable e respectuosa, colaborando activamente na protección e conservación deste espazo que é patrimonio de todos/as.

Non debemos:

- Prender calquera tipo de lume, fogueira ou similar.
- Verter calquera tipo de residuos ao mar ou en terra.
- Acceder ás zonas sinalizadas coma non accesibles.
- Colectar, destruír ou alterar elementos de interese arqueolóxico, histórico ou xeolóxico.

- Coller cunchas (aportan nutrientes aos solos areosos e forman hábitats como os fondos de cascallo).
- Molestar, ferir, capturar ou matar aos animais silvestres.
- Danar, cortar ou arrincar a vexetación.
- O desembarco de animais domésticos (salvo cans guía).

Consellos para gozar da nosa visita:

- Respecta a normativa e instrucións do parque.
- Lembra a túa condición de invitado temporal nas illas, respecta á flora e fauna.
- Nas illas non hai colectores de lixo polo que debes organizarte para poder regresar o teu lixo ao porto de partida.
- Goza dos ecosistemas do parque e lémbrete da súa fragilidade.
- As cunchas forman parte do ciclo da area, aportan nutrientes e refuxio para moitos animais e plantas, non as leves.
- Planifica a túa visita e consulta a previsión meteorolóxica. En función do tempo é importante non esquecer obxectos como gafas de sol, gorras e crema de protección solar, roupa de abrigo ou impermeable.
- Leva calzado e roupa adecuados para as actividades que pensas realizar (praia, sendeirismo, observación de fauna, mergullo, navegación...)
- Na tempada estival, ou días de moita calor, e recomendable levar auga e procurar beber abundantemente durante a visita para evitármonos problemas de deshidratación.
- Lembra que nas illas non hai servizo médico, a excepción dos meses de verán en Cíes e Ons que contan cun posto da Cruz Vermella de atención diúrna.
- Aproveita a túa visita, estás nun parque nacional, un espazo único ... coñece a súa esencia, goza das paisaxes, da flora, da fauna, do silencio...



- A conservación do parque é cousa de todos. O parque nacional agradece a túa colaboración activa na súa conservación. Comunica posibles deficiencias, incidencias, suxire melloras; as túas achegas serán ben recibidas.



3.3.- USO PÚBLICO NO PARQUE NACIONAL.

Que significa USO PÚBLICO?

O Uso Público é o conxunto de programas, servizos, actividades e equipamentos que, independentemente de quen os xestione, deben ser provistos pola administración do espazo protexido coa finalidade de achegar aos visitantes aos valores naturais e culturais do parque, dunha forma ordenada, segura e que garanta a conservación, a comprensión e o aprecio de tales valores ao través da información, a educación e a interpretación do patrimonio" (EUROPARC-España 2005).

Ao ser un parque nacional marítimo terrestre, cun 86% da superficie somerxida, a meirande parte das actividades turísticas teñen lugar no medio terrestre, polo que existe un nicho de oportunidade na realización de actividades no medio mariño que ademais favoreza a desestacionalización da oferta de actividades turísticas actuais. O PNMTIAG aposta e promove o turismo sostible ao través de diferentes accións entre as que cabe destacar:



Carta Europea de Turismo Sostible (CETS): proposta para que os xestores do ENP, empresarios turísticos e outros axentes locais poidan avanzar de modo efectivo nos principios do turismo sostible nos espazos naturais protexidos (ENP). A adhesión á CETS é un acordo voluntario que compromete aos asinantes a levar á práctica unha estratexia local a favor do turismo sostible.

Beneficios para o espazo protexido:

- Ser distinguido en Europa como territorio de excelencia en materia de turismo sostible.
- Fixarse obxectivos ambiciosos en materia de turismo sostible.
- Incrementar a implicación dos profesionais do turismo na planificación turística do ENP.
- Influír sobre o desenvolvemento do turismo no seu territorio.
- Reforzar a súa acción de sensibilización dos visitantes.
- Favorecer un desenvolvemento socioeconómico que sexa respectuoso co medio ambiente.
- Posuír un instrumento de planificación e de control para realizar o seguimento e avaliar a política turística levada a cabo no seu territorio.

Beneficios para os empresarios:

- Estar situados nun espazo natural protexido distinguido en Europa como territorio de excelencia en turismo sostible.
- Ter a posibilidade de participar activamente e de forma organizada na planificación e desenvolvemento dun turismo sostible no seu territorio.
- Mellorar a súa comunicación co espazo protexido.

- Ter a posibilidade de desenvolver novas oportunidades comerciais: novas clientela, oferta fóra de tempada, oferta orientada ao descubrimento do patrimonio, etc.
- Mellorar a organización e a calidade da oferta turística xeral do territorio e aumentar a satisfacción dos visitantes.

Certificación Starligh: a Fundación Starligh é unha entidade con personalidade xurídica propia cuxo fin principal é a difusión da astronomía e a promoción, coordinación e xestión do movemento Starligh. Os Destinos Turísticos Starligh son lugares que gozan de excelentes calidades para a contemplación dos ceos estrelados e que, ao estaren protexidos da contaminación luminosa, son especialmente aptos para desenvolver neles actividades turísticas baseadas nese recurso natural. O PNMTIAG foi declarado Destino Starligh, o que supón un recoñecemento á calidade dos seus ceos, o compromiso coa conservación das condicións de pouca luz e a existencia de iniciativas turísticas relacionadas coa contemplación do ceo nocturno.



Certificación Turismo Científico: O Turismo Científico é unha modalidade turística vinculada á ciencia e orientada ao fomento da cultura científica. O obxectivo é explicar os valores dun territorio ao través da difusión do coñecemento científico xerado neles. É, xa que logo, un turismo baseado nas ciencias que promove fórmulas transversais de difusión do coñecemento pensadas para todo tipo de visitantes, non só investigadores, senón tamén estudantes, público familiar, escolares ou calquera persoa interesada na práctica de actividades afastadas das propias do turismo de masas.



3.4.- INFORMACIÓN PRÁCTICA DOS ARQUIPÉLAGOS.



3.4.1.- Arquipélago de Cíes.

Breve descripción: As illas máis importantes deste arquipélago presentan dúas vertentes diferenciadas. A occidental, que olla ao mar aberto é abrupta, con fortes pendentes que forman escarpados cantís. A oriental, que mira ás rías, ten un perfil moito máis suave e permite a formación de areais e dunas.

Illas do arquipélago: formado polas Illas de Monteagudo, Faro e San Martiño e os illotes de A Agoeira ou Boeiro, Penela dos Viños, Carabelos e Ruzo. Pertence ao Concello de VIGO.

HISTORIA:

- **Idade do Bronce (1800-1200 a.C.):** os primeiros asentamentos humanos están constatados na ladeira do Faro de Cíes, no poboado de “As Hortas”. Trátase dun poboado de tipo castrexo que máis tarde probablemente sería ocupado polos romanos. Asociados a este poboado existen varios “cuncheiros” ou depósitos de cunchas, que nos aportan información da súa alimentación e modo de vida.
- **Idade Antiga:** os pobos xermánicos (suevos e visigodos) estiveron presentes pero non existen evidencias do seu asentamento nas illas.
- **Alta Idade Media (V-X):** Desta época si existen restos de dous refuxios de eremitas do século VI. No ano 899 o Rei Alfonso III

dona estas illas á catedral de Santiago e establécense nas illas unha congregación de monxes que controlan á poboación baixo un réxime feudal.

- **Baixa Idade Media (XI-XV):** do IX ao XI as illas son saqueadas polos normandos que chegaron na busca dos tesouros que a Igrexa reunía en torno ao sepulcro do Apóstolo en Santiago. Pasado este episodio histórico as illas quedaron tranquilas e nelas establecéronse novas ordes monacais: beneditinos e franciscanos.
- **Idade Moderna (XVI-XVIII):** coas loitas polo dominio das rutas marítimas proliferan os piratas e corsarios, de xeito que as illas atlánticas galegas volven ser un lugar pouco propicio para habitar, e foron abandonadas pola poboación que regresou ao continente.
- **Idade Contemporánea:**
Século XIX: para proporcionar seguridade e estabilidade o goberno provincial fortificou a illa construíndo un cuartel de carabineiros, un almacén de artillería e unha cárcere. As illas recuperaron a paz e comezaron a xurdir e proliferar novos negocios: taberna, cetaria e fábricas de salgadura. No ano 1852 construíuse o faro; nese momento as illas rexistraron a súa maior poboación.
Século XX: a proliferación das fábricas conserveiras na costa supuxo o peche das fábricas de salgadura das illas, feito que provocou un novo éxodo, e a mediados deste século as illas estaban practicamente despoboadas. Pouco despois comezou a despuntar o interese como destino turístico das illas, feito que impulsou que se estudasen os seus valores e se iniciase a andadura cara a consecución da súa protección legal.

Principais recursos para o turismo:

Arquitectónicos:

- *Vivendas: pequenas casas de pedra con tellado dunha caída e un anexo para os animais.*
- *Muíños: un de vento na illa do Faro e outro de rodicio en San Martiño.*



- *Forxa: con forno de pedra nas illas norte e sur.*
- *Capela: próxima ao embarcadoiro dedicada á Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros.*
- *Taberna: restos da Taberna "A Isleña".*
- *Cemiterio: pequeno camposanto ao final da praia de Rodas.*
- *Convento de San Estevo - almacén de artillería - Centro de Información: edificación reconstruída sucesivas veces que hoxe en día alberga o Centro de Información de Cíes.*
- *Cuartel carabineiro e cárcere: detrás do cemiterio, sobre a praia da Nosa Señora.*
- *Fábricas de salgadura: a mellor conservada está na illa Sur ou de San Martiño. A da illa norte foi reconvertida en restaurante.*
- *Viveiro de lagostas: situado no Lago dos Nenos. So se conserva a base que se pode observar durante a marea baixa.*
- *Faros.*

Recursos de Uso Público:

- Rutas de Sendeirismo.
- Paneis interpretativos.
- Observatorios de aves no alto da Campá e no Faro do Peito ou Monteagudo.
- Caseta de información: a continuación da pasarela de madeira das dunas de Muxieiro.
- Centro de Información: antigo almacén de artillería e convento.
- Servizos públicos: por riba da área de campismo, no camiño que leva cara a praia da Nosa Señora.
- Áreas de pícnic con mesas e bancos de pedra.

Outros servizos:

- restaurantes e tabernas.
- cámping.
- posto de socorro (na tempada estival)



3.4.2.- Arquipélago de Ons.

Breve descripción: O relevo destas illas é suave, cun perfil en meseta, pero tamén con dúas vertentes diferenciadas. A costa occidental é máis abrupta, con pendentes que forman cantís. A cara que mira ao leste -rías de Aldán e Pontevedra-, e máis suave e nelas se atopan as praias e a maioría das casas dos barrios.


Illas do arquipélago: formado polas illas de Ons (a maior de todo o Parque Nacional), Onza e o illote As Freitosas. Pertence ao concello de BUEU.

HISTORIA:

- **Idade de Bronce:** o primeiro asentamento constatado é un poboado castrexo coñecido como o “Castelo dos Mouros”, situado na ladeira de Canexol. Existen restos doutro poboado na zona norte denominado “Cova da Loba”.
- **Idade Media:** as Ons foron doadas ao Cabildo de Santiago no ano 899 polo Rei Alfonso III o Magno. Segundo se presume os monxes visitaban as illas para meditar, e se sospeita que facían uso dun mosteiro do que, polo de agora, non se atoparon restos. O que si se localizou foi un sartego antropomorfo denominado “Laxe do Crego”, que se supón relacionado co suposto mosteiro.
- **Idade Moderna:** no século XVI a illa pasa a mans privadas. Existe poboación vivindo nela e teñen unha igrexa, mais coa chegada de diversas ondatas de piratas as illas son abandonadas outra vez.

Idade Contemporánea:

- **Século XIX:** a principios deste século o goberno provincial fortifica a illa de Ons para defendela e ao mesmo tempo protexer a Ría de Pontevedra. Actualmente podemos observar restos destas fortificacións, como o “Castelo de Rueda”, cerca do peirao.
- Xa coa illa fortificada chegaron novos poboadores e a mediados do século comeza a primeira actividade empresarial que supuxo un importante aumento da poboación na illa: unha fábrica de salgadura.
- **Século XX:** no ano 1929 a illa cambia de propietarios. Os novos propietarios crean unha nova empresa dedicada ao secado de polbo e congro. Máis tarde, no ano 1940 a illa foi expropiada polo estado e a súa xestión comeza a pasar polas mans de varias administracións ata chegar ao goberno autonómico ao principio dos anos 80.
- A illa de Ons chegou a ter unha poboación de case 500 habitantes e fíxose coñecida polo seu afamado polbo e tamén polas típicas embarcacións usadas polos illáns, a dorna. As familias estaban repartidas en barrios e coñecíanse polos seus alcumes.



Recursos arquitectónicos:

- **Vivendas:** dúas tipoloxías, os casais teñen dúas plantas e as casetas teñen unha altura. Normalmente equipadas cun forno e un anexo que é a corte dos animais. Tamén teñen un canastro que se utiliza para almacenar o gran.
- **Barrios:** Caño, Curro, Canexol, Pereiró, Cucorno e Laverco, Centulo, Chan da Pólvora.
- **Fontes:** xeralmente con lavadoiro (unha en cada barrio)
- **Ermida de San Xaquín:** no barrio de Canexol, pequena e austera, rodeada dun camposanto.
- **Igrexa de Ons:** no barrio de Curro.
- **Cruceiro:** asociado á ruta xacobeá marítima.
- **Dornas:** embarcación de madeira típica das illas.
- **Faro de Ons:** construído en 1865.

Recursos Uso Público:

- Centro de Información: no barrio de Curro.
- Rutas de Sendeirismo e Paneis interpretativos.
- Caseta de información: ao fondo do peirao.
- Servizos públicos, áreas de pícnic con mesas e bancos de pedra.

Outros recursos:

- restaurantes.
- cámping.





3.4.3.- Arquipélago de Sálvora.

Breve descripción: Sálvora é a illa de maior tamaño e tamén a que da nome a este arquipélago. Trátase dunha illa na que domina a paisaxe de rochas graníticas formadas na oroxénese hercínica, e importantes areais e sistemas de dunas. Ao seu arredor sitúanse moitos illotes espallados polo mar entre os que cabe destacar a areosa Vionta ou o rochoso Noro.

Illas do arquipélago: formado pola illa de Sálvora e illotes como Vionta, Con de Noro, Herbosa, Rúa, Insuabela, Gaboteira, As Sagres e as Forcadiñas. Pertence ao Concello de RIBEIRA.

HISTORIA.

Non existen moitos datos sobre a historia antiga de Sálvora.

Recentemente atopáronse restos romanos, pero aínda se están realizando estudos para coñecer polo miúdo esta etapa da historia.

- **Idade Media:** xunto a Cíes e Ons foron doadas ao Cabildo de Santiago. Posteriormente a Igrexa entregou este territorio á familia Mariño quen a xestionou nun réxime feudal ata principios do XVII.
- **Idade Moderna:** instálase unha fábrica de secado e salgadura de peixe denominada “O Almacén” que para algúns autores sería a primeira de Galicia, pois a datan no ano 1770. A poboación é a máis numerosa da historia da illa e se concentra na Aldea.
- **Idade Contemporánea:** no ano 1820 a illa pasa, por matrimonio, á familia Otero, pero nos comezos do século XX o estado a expropia por motivos de defensa nacional. Dende ese momento os illáns que alí vivían pasaron a ser colonos.

- **2 de xaneiro de 1921:** acontece unha das maiores traxedias marítimas no territorio galego: o vapor “Santa Isabel” sofre un accidente ao Sur de Sálvora; morren 213 persoas das 268 que ían a bordo. Os illáns, fundamentalmente mulleres, auxiliaron aos náufragos coas súas dornas. Once meses despois, en decembro do mesmo ano inaugurouse o actual faro, que ten maior alcance.
- No 1958 a illa e pasa novamente ás mans dos Otero. Os habitantes da Aldea marcharon cara a costa e a finais dos 70 non quedaba ninguén. Máis tarde o Marqués de Revilla, da familia Otero, propietario da illa acondicionou o Almacén como pazo e transformou unha antiga taberna en capela. Mandou esculpir unha estatua dunha serea vixiando a praia en honor á familia. No ano 2007 a illa foi vendida a unha entidade bancaria polos herdeiros do Marqués de Revilla, e ao mesmo tempo a entidade bancaria cedeu o seu uso ao empresario Ramiro Carregal Rey presidente da conserveira Frinsa. A finais dese mesmo ano o Ministerio de Medio Ambiente exerceu o seu dereito de tanteo e o 1 de xullo de 2008 pasou as mans da Xunta de Galicia.

Recursos arquitectónicos:

- A Aldea: consta dun patio central rodeado por 7 casas con cortes e canastros.
- Fonte de Santa Catalina: de camiño á Aldea.
- Pazo e capela: antiga residencia dos propietarios que aínda garda os elementos da fábrica de salgadura.
- Faro: o faro antigo foi construído no 1852. O actual en 1921.





Recursos de Uso Público:

Rutas de Sendeirismo: unha lévanos ata o Faro. Para realizar a segunda que vai ata a Aldea é preciso ir acompañado por un Guía Acreditado do Parque Nacional.

Paneis interpretativos



3.4.4.- Arquipélago de Cortegada.

Breve descripción: formado Cortegada, illas Malveiras e illotes das Briñas; son illas practicamente chairas, formadas por rochas metamórficas máis sensibles á erosión. Protexidas no interior da ría posúen unhas condicións ambientais moito máis benignas, o que favorece que medren bosques nestas illas, destacando o bosque de loureiros, o maior de Europa.

Illas do arquipélago: illa de Cortegada, Malveira Grande e Chica, Briñas e illote do Cón. Pertence ao Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA.

HISTORIA.

- **Época romana:** presenza confirmada dos romanos na illa “Corticata”.
- **Alta Idade Media:** no século IX a illa é doada á igrexa polo rei Alfonso II. O traslado dos restos do Apóstolo Santiago á cidade de Santiago de Compostela fíxose polo río Ulla, ao fondo da ría, onde está situada a illa de Cortegada. Este feito fai pensar que puido ser utilizada polos normandos que chegaron na busca de tesouros.
- **Baixa Idade Media.** XIV-XV. época de revoltas e brotes de peste. En Cortegada existe un pequeno santuario ao que a poboación acudía para pedir saúde. No ano 1600 se edifica un hospital lazareto para axudar aos enfermos ou feridos nas loitas contra os piratas.
- **Idade Moderna.** XVIII: a puxante economía da zona de Vilagarcía - Carril mudou de súpeto cando os seus portos non foron aptos para que puidesen fondear os novos vapores, de maior calado. Para revitalizar a zona pensouse en doar Cortegada á coroa, como residencia de verán. A illa nese momento tiña unha ermida, un hospicio, 17 veciños e 1200 fincas. As xestións para doar a illa ao rei Alfonso XIII demoraron moito, e os reis construíron un palacio en Santander polo que abandonaron o proxecto e a illa quedou como coto de caza. No ano 1930 tentouse doar novamente ao herdeiro D. Alfonso de Borbón, pero este renunciou e a illa pasou a mans do estado. Ao abdicar en D. Juan de Borbón pasa as súas mans e no 1978 decide vendela a unha mobiliaria; esta tiña un proxecto para a súa urbanización turística. Sucédense preitos durante anos ata que no ano 2001 a Xunta de Galicia aproba a declaración de utilidade pública da illa que é incorporada ao Parque Nacional en 2002.

Elementos arquitectónicos:

- Santuario -ermida - cruceiros.
- Cruceiros.
- Poboado: unhas 20 casas agrupadas detrás da praia do peirao.
- Cuartel.

Recursos Uso público:

- Ruta de sendeirismo e paneis interpretativos.
- Caseta de información.

Máis información: Guía PNMTIAG páxinas 135 á 172 e da 185 á 233

3.4.5.- RECURSOS PARA DESEÑAR AS NOSAS ACTIVIDADES.

O turismo mariñeiro é por definición unha actividade desenvolta polos colectivos de profesionais do mar, orientada á valorización do seu traballo no medio mariño, dos costumes, tradicións, patrimonio e cultura mariñeira.

As actividades turísticas que podamos deseñar para realizar ao bordo do noso barco teñen relación e se retroalimentan con outros recursos, naturais e humanos, que enriquecen a nosa oferta e que, polo tanto, debemos ter en conta. O gran desenvolvemento de actividades en torno ao mar provocou que ao longo do tempo foron xurdisen diferentes **oficios, artes de pesca e métodos de conservación e produción** que hoxe en día se configuran como elementos de interese que farán máis sedutora a nosa oferta de turismo mariñeiro: *salinas, fábricas de salgadura, de conserva, viveiros, bateas, estaleiros, lonxas, portos, redeiras...*



Exemplos de recursos a traballar para desenvolver en actividades de TURISMO MARIÑEIRO EN EMBARCACIÓN.

Rol dos membros da tripulación: describir a función das persoas que van a bordo dos diferentes barcos de pesca e auxiliares.

Lugares onde faena o barco: explicar en que lugares traballan, as actividades que se realizan durante a xornada de traballo, etc...

Acompañar con explicacións sobre a vida nos fondos mariños e os espazos protexidos que imos observando.

Talasonimia: é a disciplina que estuda os nomes vulgares do mar e dos accidentes costeiros. Estes nomes levan asociados profundo significados e lendas que aos turistas lles sorprenderá coñecer. A talasonimia do Parque Nacional e área de influencia é unha das máis ricas de Galicia.


Orientación e navegación: evolución das técnicas e tecnoloxías de navegación. Recoméndase acompañar coa presenza de diferentes instrumentos ou cartas de navegación para que os turistas as poidan observar ou tocar.

Identificación de especies da pesca e/ou marisqueo. Recoméndase deseñar e imprimir guías de identificación personalizadas das especies máis comúns para que os turistas as poidan manexar.

Marisqueo. Explicar as tipoloxías, o proceso de cultivo, as especies principais que se recollen, artes de pesca, etc ...

Bateas: especies que se cultivan, etapas ...

Nós mariñeiros: tipos e uso. Obradoiros a bordo.



Exemplos de contidos complementarios para enriquecer as nosas actividades de turismo mariñeiro.

A BORDO.

Observación da natureza: co obxectivo fundamental do mellor coñecemento do medio mariño:

- *Formacións xeolóxicas e paisaxes singulares: cantís, praias, dunas, illas, illotes, cons ...*
- *Aves. Actividade coñecida internacionalmente como birdwatching. De especial relevancia porque moitas especies de aves mariñas so é posible observalas a bordo dun barco pois raramente se achegan a costa.*
- *Cetáceos. No caso de atopármonos con exemplares dentro da ría debemos evitar achegarnos a eles e cumprir a normativa para minimizar o impacto por molestias aos animais; nas rías os animais son moi vulnerables, pois non teñen vía de escape. O mellor é observalos de lonxe sen intervir na súa vida diaria, aínda que en ocasións poden ser eles os que busquen a nosa compañía. En todo caso evitaremos calquera manobra que poida molestalos. Nas nosas latitudes hai meses nos que se concentran observacións de especies como os orcuais comúns ou azuis fóra das rías.*

EN TERRA.

Visita a barco-museo: partes do barco e funcionamento.

Identificación e recoñecemento das artes de pesca utilizadas no barco, explicando para que especies está deseñado e o seu manexo.

Mantemento e reparación de barcos e aparellos.

A Lonxa: explicación do sistema de poxas. Observación, descrición e identificación das principais especies observadas.

Centros de Acuicultura: por exemplo as gaiolas de engorde de peixe, bateas, etc.

Outras actividades a informar / recomendar aos turistas: centros de visitantes, museos, festivais de música e cine, exposicións, festas...

4.- A INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO.



4.1.- FUNDAMENTOS TEÓRICOS DA INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO.

ORIXE:

A interpretación nace nos Parques Nacionais de Estados Unidos e nos parques escandinavos (Aldridge, 1989), entre finais do século XIX e principios do século XX.

QUE É?

A Interpretación do Patrimonio é a “arte” de revelar in situ o significado do legado natural e cultural ao público que visita eses lugares no seu tempo de ocio.

AIP, Asociación para la Interpretación del Patrimonio.

A interpretación é a arte de explicar o lugar do ser humano no seu medio, co fin de incrementar a conciencia do visitante acerca da importancia desa interacción, e despertar nel un desexo de contribuír á conservación do ambiente.

Don Aldridge, 1975

A interpretación do patrimonio é polo tanto unha ferramenta de comunicación que posúe unha metodoloxía e peculiaridades propias e que ten coma obxectivo construír pontes que conecten ao público cos lugares que visita.

QUE PRETENDE?.

- Obxectivos educativos:
 - Informar aos visitantes sobre os recursos patrimoniais amosados.
 - Estimular o interese por eses recursos.
 - Sensibilizar da importancia da conservación das actividades, lugares ou espazos visitados.
 - Promover unha actitude respectuosa co medio.
 - Entender a xestión que se realizada dos bens patrimoniais visitados.
- Obxectivos de conservación.
 - Conservar o valor patrimonial.
- Obxectivos recreativos:
 - Contribuír ao goce do lugar visitado.
 - Motivar aos visitantes.
 - Proporcionar produtos de calidade.
- Obxectivos orientados á xestión de visitantes:
 - Conseguir comportamentos adecuados.
 - Servir de ferramenta para o control da afluencia de visitantes.
 - Minimizar impactos negativos dos visitantes.



- Obxectivos económicos:
 - Atraer visitantes.
 - Xerar emprego.

COMO AXUDA NA XESTIÓN DOS RECURSOS?

A xestión dun espazo con valor patrimonial comprende medidas de **conservación, protección, restauración e uso público** e polo tanto abrangue unha serie de tarefas relacionadas coa **Interpretación do Patrimonio**:

- Facer compatible a conservación do recurso co seu uso e goce.
- Divulgar e facer comprender os obxectivos da xestión ao público visitante.
- Fomentar o desenvolvemento local.

EN QUE SE BASEA? PRINCIPIOS.

- **PROVOCAR:** espertar o interese, a curiosidade do público por coñecer máis sobre o recurso que estamos interpretando.
- **RELACIONAR:** é importante conectar a nosa interpretación coa experiencia e vivencias dos participantes.
- **REVELAR:** transmitir unha mensaxe que o público non esqueza.



COMO É? CARACTERÍSTICAS BÁSICAS.

As características básicas da IP, segundo Jorge Morales, podémolas resumir en:

- DIRIXIDA ao público xeral (incluídas persoas con discapacidade).
- ACTIVIDADE LIBRE e VOLUNTARIA que se realizan nun CONTEXTO RECREATIVO.
- A súa META é a conservación do patrimonio obxecto da interpretación.
- REUNE as seguintes características:
- Inspiradora, motivadora, provocativa, suxestiva, persuasiva.
- Estimula o uso dos sentidos, a participación activa e o sentido crítico.
- Contribúe á concienciación cidadá.
- Revela significados.
- Utiliza mensaxes claras e breves.
- Realízase, sempre que sexa posible, mediante actividades personalizadas cun GUÍA.

PARA QUE? OBXECTIVOS.

Preguntas clave nas que debemos pensar para elaborar a nosa actividade interpretativa.

- Que queremos que o participante saiba? Obxectivos de coñecemento.
- Que queremos que o participante sinta? Obxectivos de afectividade.
- Que queremos que o participante faga? Actitudes e comportamentos.

PASO A PASO: ELABORANDO A NOSA ACTIVIDADE INTERPRETATIVA.

- **Primeiro nivel:** coñecemento científico. O coñecemento baseado en fontes fiables é a materia prima para a elaboración posterior da mensaxe.
- **Segundo nivel:** traducir os coñecementos científicos a unha linguaxe comprensible e amena, comunicar este significado coa elaboración da mensaxe.

- **Terceiro nivel:** prodúcese directamente no público, quen a partires da mensaxe comunicada construírá os seus propios significados. Eses pensamentos, esas ideas creadas non teñen porque ser exactamente os que pretendía o intérprete.

A INTERPRETACIÓN NON É UNHA MENSAXE PECHADA, O IMPORTANTE É QUE O PÚBLICO PENSE SOBRE O RECURSO DO QUE ESTAMOS A FALAR.



4.2.- ALICERCES DA INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO: RECURSO + PÚBLICO + TÉCNICAS + HABILIDADES.

Unha interpretación será efectiva cando o intérprete ten coñecementos sobre o **recurso** e sobre o **público** ao que transmite mensaxes aplicando técnicas interpretativas.

4.2.1.- QUE INTERPRETAR? O RECURSO e o TRAZO INTERPRETATIVO.

É fundamental que o intérprete posúa un coñecemento profundo do recurso para poder falar con rigor.

4.2.2.- A QUEN VAI DIRIXIDO? A NOSA AUDIENCIA OU PÚBLICO

A Interpretación do Patrimonio está dirixida a un público “libre”, pero o manexo destas técnicas axuda a mellorar a comunicación polo que tamén é moi efectiva con público “obrigado”.

- **audiencia “libre”**: participa no seu tempo de ocio, cun obxectivo de goce, non ten obriga de atender, so a súa motivación persoal.
- **audiencia “obrigada”**: participan como parte do seu tempo de formación e están obrigados a participar por causas externas.

UNHA FOTO DESCRIPTIVA DA MIÑA AUDIENCIA: como son?

- **IDADE**: programas específicos ou adaptados.
- **NÚMERO**: a cifra de participantes é importante para moitos aspectos organizativos: materiais, adaptación, temporalidade ... En xeral debemos traballar con grupos reducidos para aumentar a calidade da visita.
- **DIVERSIDADE FUNCIONAL**: deseño de programas tendo como base a accesibilidade e coñecemento do entorno e os seus equipamentos de uso público.

- **COÑECEMENTOS PREVIOS:** debemos tentar coñecer que coñecementos previos teñen os participantes para adaptar o programa e actividades ao seu nivel. Coñecementos do recurso ou relacionados, aínda que sexa vagamente con el.
- **LUGAR DE ORIXE:** pode proporcionarnos pistas sobre cales poden ser os coñecementos previos de xeito que podamos establecer vínculos co noso patrimonio ao través das súas vivencias persoais.

NON DEBEMOS ESQUECER AS NECESIDADES.

En Interpretación do Patrimonio é imprescindible satisfacer as necesidades do participante. Segundo o psicólogo A.H. Maslow as necesidades humanas básicas podemos clasificalas en 5 categorías que debemos ter en conta:

- **Fisiolóxicas:** son de carácter biolóxico: alimentación, descanso, accións fisiolóxicas...
- **Seguridade:** ofrecer elementos protectores no caso de ser precisos, informar de perigos e recomendar precaucións.
- **Afiliación:** tratar á nosa audiencia de xeito amigable, facilitar a interacción, integración, os vínculos afectivos.
- **Recoñecemento:** ofrecer información fácil de comprender e fomentar a participación. Adaptar as actividades aos diversos perfís. Valorar os comentarios feitos polos participantes.
- **Auto realización:** cumprir as expectativas.

PARA TODOS E TODAS. Persoas con diversidade funcional.

Ao longo da nosa vida todos e todas podemos manifestar dificultades motoras, sensoriais ou de comunicación.

Pautas xerais de atención a persoas con diversidade funcional (PDF):

- **Naturalidade:** evitar prexuízos, preguntar e atender ás indicacións.
- **Flexibilidade:** a variedade e complexidade de dificultades das persoas con discapacidade é moi ampla, xa que logo as súas necesidades o son tamén.
- **Respecto:** aconsellar e considerar sempre a súa capacidade de decisión.



4.2.3.- COMO ACTUAR? TÉCNICAS INTERPRETATIVAS.

En Interpretación do Patrimonio a comunicación eficaz entre o intérprete e a audiencia é básica para poder transmitir as mensaxes; para lograr este obxectivo ofrecemos unha serie de consellos:

- **Do familiar ao descoñecido:** apoiarnos nun coñecemento que xa temos axuda a comprender outro novo.
- **Exemplos:** serve para ilustrar o asunto e mellorar a comprensión.
- **Comparacións:** para reflectir diferenzas ou similitudes entre conceptos.
- **Símiles:** compara cousas diferentes que gardan certa semellanza.
- **Metáforas:** para establecer semellanzas entre termos distintos.
- **Analogías:** establece relacións entre o que estamos contando e termos similares coñecidos para a audiencia.
- **Utilizar a auto - referencia:** facendo que a audiencia pense en situacións xa vividas por eles.

RECOMENDACIÓNS PARA O GUÍA-INTÉRPRETE MARIÑEIRO.

- **Sorrí:** o sorriso transmite sensacións positivas que se contaxian a nosa audiencia.
- **Usa o humor:** facilita a comunicación e a fai amena.
- **Utilizar verbos activos:** aporta forza á túa mensaxe.
- **Estimula o uso dos sentidos:** de todos eles, non só da vista e oído.
- **Usa gráficas, fotos, ilustracións:** as imaxes axudan a transmitir ideas complicadas de forma clara.
- **Utiliza símiles, analogías, metáforas, comparacións:** enriquece e axuda a comprender a mensaxe.
- **Causa – efecto:** para explicar cómo as nosas accións teñen as súas consecuencias no medio.
- **Utiliza a personificación:** atribúe calidades humanas á obxectos, flora, fauna... co fin de facilitar á comprensión de conceptos.
- **Fomenta a participación:** facilita esa posibilidade, faino posible, pero nunca obrigues.

- **Pon en situación:** permite que a audiencia pense en que/como farían eles.
- **En positivo:** procura que as persoas se sintan valoradas nas súas accións e identificadas coa mensaxe. Por exemplo: “Cando ti reciclas evitas que os plásticos acaben no bandullo dos peixes que nós pescamos”.
- **Non empregues palabras técnicas ou locais:** as palabras incomprensibles dentro da mensaxe provocan a desconexión da audiencia. No caso de non coñecer outra palabra introdúcea cunha explicación previa.

MOITO COIDADADO...

- Non utilices os teus coñecementos para ofrecer recitais ou clases maxistras aos visitantes sen deixalos participar.
- Non presupoñas que a túa opinión é a única correcta. Debes saber escoitar outras ideas e confrontalas sempre de xeito construtivo.
- Non ofrezas información que non poidas contrastar. A interpretación terá mais poder se está ben organizada, sintetizada e fundamentada (se utilizas contos ou lendas debes explicalo, os participantes poden crer que son datos reais).
- Evita as esaxeracións fóra de contexto.
- Lembra que a interpretación vai máis alá da mera información e consiste en facer pensar, en revelar significados.

HABILIDADES: COMO DEBE SER O GUÍA? PERFIL DO INTÉRPRETE

Calidades persoais básicas:

- Paixón e amor polo traballo. *A paixón é o ingrediente indispensable para una interpretación poderosa e efectiva.*
- Interese por traballar de cara ao público.
- Capacidade de organización.
- Persoa asertiva, educada, afable, alegre, sempre cun sorriso na cara e de trato amigable.
- Boa disposición para escoitar, atender, e resolver problemas.
- Paciente.

- Con iniciativa.
- Coherente.
- Con confianza en si mesmo e seguridade nos seus coñecementos e habilidades.

Lembra...

- Para despertar o interese, os e as intérpretes deben conseguir que os contidos das súas mensaxes sexan relacionados coa vida dos participantes.
- Debemos coidar a cantidade e calidade da información a presentar.
- O propósito da mensaxe interpretativa é inspirar e provocar á xente para que amplíe os seus coñecementos do recurso.
- A interpretación para nenos e nenas, adolescentes ou persoas da terceira idade debería aplicar enfoques diferentes.
- As novas tecnoloxías poden revelar o mundo de xeitos novos e apaixonantes. Con todo, a incorporación destas tecnoloxías aos programas interpretativos debe realizarse con precaución pois poden chegar a ter o efecto contrario ao desexado, chegando a distraer a atención.
- A interpretación debería estimular as capacidades da xente para gozar do recurso e propiciar a súa conservación.



4.3.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.

4.3.1.- TRAZOS CON POTENCIAL INTERPRETATIVO.

Trazo interpretativo: calquera obxecto, proceso ou concepto do que queremos falar. Debemos seleccionar os máis adecuados para amosar ao noso público segundo a súa singularidade, atractivo, sostibilidade, acceso, estación do ano ou hora do día, facilidade de explicación, seguridade, pertinencia...




4.3.2.- O CORAZÓN DA INTERPETACIÓN: A MENSAXE.

Segundo Sam Ham, o modelo que resume as calidades da mensaxe resúmese no acrónimo **TORA**.

Temática: o TEMA constitúe a idea central da nosa mensaxe, o que queremos que lembren os participantes. Vantaxes:

- A xente lembra os temas.
- Axuda a centrarnos e estimula a nosa creatividade.

Organizada: a mensaxe debe estar estruturada de xeito que sexa doada de seguir e fácil de comprender. Esa estrutura debe estar afianzada nun máximo cinco ideas principais derivadas da idea xeral, aínda que a recomendación é reducir a soamente 3 ideas, pois é o número que a maior parte das persoas podemos lembrar a longo prazo.



Relevante: mensaxe con significado que alude ao ego dos participantes, é dicir, relevante é cando a mensaxe fai conexión coas experiencias propias de cada quen, que exercen o control sobre o seu comportamento. A nosa función como intérpretes do patrimonio e tentar crear o maior número de conexións, de pontes, entre os coñecementos da nosa audiencia e os novos conceptos que queremos transmitir para que a información perdure e non se perda. A clave está en apoiarnos en *experiencias en común que teña a nosa* audiencia connosco, como por exemplo feitos relacionados coa súa cultura e vida cotiá.



Amena: a comunicación debe entreter, captar e conservar a atención da audiencia, dito dun xeito coloquial, debemos “embobar”, cativar á nosa audiencia.



CC Public Domain. JL Cernadas. www.pxhere.com.

CÓMO ESTABLECER AS CONEXIÓNS? COÑECENDO COMO TRABALLAN OS NÓSOS MIOLOS.

O intérprete debe identificar significados tanxibles, intanxibles e universais para que os participantes establezan vínculos co recurso.

Atributos tanxibles: características físicas do recurso que se perciben ao través dos sentidos. Tamén se consideran elementos tanxibles os eventos, cifras, datas, nomes...

Conceptos intanxibles: ideas abstractas que manan dos atributos tanxibles: sentimentos, relacións, valores, crenzas...

Conceptos universais: xorden dos conceptos intanxibles e caracterízanse por teren cunha enorme relevancia para a maioría dos seres humanos. *Exemplo: vida, felicidade, alegría, amor, familia, saúde, enfermidade...*

CONSTRUÍNDO A MENSAXE: OS TÓPICOS.

O tópico é a cuestión principal na que se basearán os nosos comentarios na visita guiada ou actividade. O normal é que existan moitas ideas das que poderíamos falar sobre este Tópico, de todas elixiremos unha que denominamos tópico específico. Dun TÓPICO, podemos extraer varios TÓPICOS ESPECÍFICOS. Exemplo:

- Tópico: A PESCA.
- Tópico específico: Artes de pesca.

A CLAVE DA MENSAXE: O TEMA.

A mensaxe que queremos transmitir á nosa audiencia debe ser moi clara. Recoméndase empregar unha frase, con suxeito, verbo e predicado para construír o noso TEMA. Esa será a idea principal que se levarán os participantes ao rematar a actividade.

Características do TEMA:

- Constitúe a esencia da nosa mensaxe.
- É una idea completa e estruturada que se expresa con convicción.
- Convértese en máis eficaz se contén un concepto universal.
- Engarza o tanxible cos significados intanxibles.
- Aporta coherencia á nosa interpretación e estimula á reflexión.



O tema é a introdución da nosa actividade interpretativa , e debe provocar:

- *Conexión intelectual.*
- *Conexión emocional.*
- *Desexo de aumentar o coñecemento.*
- *Actitudes de custodia e respecto.*

O tema debe desenvolverse como unha historia, unha narración cunha introdución, un desenvolvemento (paradas ou etapas interpretativas) e un final que peche o círculo ao enlazar a introdución coa conclusión.

OUTRAS CUESTIÓN S QUE DEBEMOS TER EN CONTA.

Dereitos dos visitantes:

- a expresarse.
- a ser tratados de forma educada e considerada.
- a recibir una información correcta e adecuada.
- á privanza e independencia.
- á querer que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Duración da visita: é preciso programar canto tempo durará a visita, adaptando obxectivos e actividades. As actividades interpretativas en xeral deben ser breves.

Distribución das visitas: levar un control da afluencia de visitantes segundo as horas, días da semana, meses.



4.4.- AVALIACIÓN E MELLORA CONTINUA.

A avaliación é un proceso esencial que contribúe á mellora continua. Unha actividade interpretativa que non avaliamos convértese automaticamente nunha oportunidade desaproveitada para conseguir mellorar o noso traballo. Se non avaliamos poderemos estar repetindo os mesmos erros de xeito indefinido. Debemos avaliarnos a nós mesmos, e darlles a oportunidade aos nosos clientes de que tamén nos avalíen.

Preguntas previas para axudar a preparar a nosa avaliación.

- Que se avalía e por que? obxectivos.
- Onde se avalía? lugar.
- Para que? finalidade.
- Quen? persoal
- Cando? temporalidade.
- Como? modalidade
- Con que? instrumentos

Pasos para realizar unha avaliación:

- Reunir información
- Analizar a información
- Actuar en consecuencia do detectado.

ALGÚNS MÉTODOS DE AVALIACIÓN.

Existen diversos métodos para realizar as nosas avaliacións.

- **Métodos cuantitativos:** poden ser analizados estatisticamente.
- **Métodos cualitativos:** opinións, percepcións, sentimentos.

INSTRUMENTOS AVALIATIVOS MÁIS COMÚNS.

- **Cuestionario:** Conxunto de preguntas de diferentes tipos, algúns poden admitir preguntas abertas (que reflicten as palabras de quen responde) ou pechadas (as opcións de resposta figuran no propio cuestionario e deben ser elixidas por quen responde). Noutros casos os cuestionarios son mixtos.

- **Escala:** Conxunto de preguntas a responder mediante una escala de números ordenados. Recoméndase que o total dos números sexa par para “obrigar” ao que responde a concretar en caso de dúbida, pois cando o número é impar a tendencia cando se dubida é escoller a puntuación media. Outra opción válida é realizar cuestionarios con escalas de adxectivos: excelente, bo, regular, malo.
- **Rexistro:** Instrumento deseñado para recoller un tipo de información determinada que tamén axuda na mellora continua: rexistro de incidencias, asistencia, reclamacións...



5.- BOAS PRÁCTICAS EN TURISMO MARIÑEIRO E PESCA-TURISMO.



O cumprimento das leis e normativa é obrigatorio, pero non debe ser suficiente. Os empresarios e profesionais do sector deben comprometerse a exercer e promover a súa actividade do xeito máis respectuoso posible co medio ambiente na procura da sostibilidade.

As **Boas Prácticas Ambientais** son recomendacións, consellos ou compromisos voluntarios cuxo principal obxectivo é reducir os efectos negativos das actividades humanas sobre o medio ambiente. As BPA permiten proxectar unha imaxe de coherencia co lugar onde se desenvolven as actividades ofertadas.



BOAS PRÁCTICAS NO TURISMO MARIÑEIRO:

- **Oferta actividades de calidade**, ben organizadas e programadas.
- **Coñecemento e respecto do medio ambiente: ecosistemas e especies presentes:** o medio mariño é moi descoñecido para a meirande parte dos turistas por mor da dificultade de acceso ao mesmo. É importante aportar datos sobre os ecosistemas e as especies (situación, grado de ameaza, fenoloxía ...) e axudar ao turista na correcta identificación das especies observadas (*utilización de elementos biolóxicos como cunchas, láminas plastificadas situadas en lugares estratéxicos do barco, "recuncho do naturalista" con guías de natureza para consulta ou aplicacións de móbil poden ser excelentes ferramentas para apoiar a nosa interpretación*).
- **Coñecemento e cumprimento da normativa:** debemos cumprir a normativa turística, pesqueira e tamén as limitacións impostas polo propio Espazo Natural Protexido.
- **Límites e distancias:** respectar a normativa e manter distancias prudenciais coas especies observadas no mar (cetáceos, aves). O obxectivo principal debe ser sempre o benestar dos seres vivos. Non levar aos turistas a espazos sensibles como zonas de cría ou zonas de reserva dos espazos protexidos.
- **Seguridade:** é vital informar aos turistas sobre medidas de seguridade do barco (protocolo de salvamento, estado do mar, percorrido, consellos preventivos). Debemos manter o barco en condicións óptimas para realizar actividades turísticas.
- **Establecementos e oficinas:** asegurar a eficiencia de instrumentos e maquinaria; minimizar os consumos.
- **Equipos e instalacións:** facer mantementos periódicos.
- **Información, comunicación e promoción de servizos:** manter pautas ambientais coherentes na promoción e publicidade.
- **Transporte:** o transporte motorizado consume enerxía. Recoméndase programar os desprazamentos reducindo na medida do posible o seu consumo.
- **Pegada de carbono:** o turismo en barco pesqueiro produce emisións de dióxido de carbono (CO₂), un gas que contribúe ao efecto invernadoiro. Podemos calcular a nosa Pegada de

Carbono e establecer estratexias para a súa compensación (por exemplo, favorecendo a plantación de árbores que absorban na súa vida as emisións que producimos).

- **Xestión dos residuos:** reducir a produción, recuperar e reciclar. Para minimizar os impactos da nosa actividade é moi importante que os residuos xerados por turistas e tripulación regresen ao peirao e sexan depositados nos contedores adecuados. Os residuos mariños son un gran problema. Outro modo de axudar é participar en actividades de voluntariado para a eliminación de residuos arribados na costa.
- **Capacitación de empresarios e empregados:** participar en accións formativas sobre turismo sostible.
- **Agasallos e consellos:** fomenta a economía de Km0. Facilita información de negocios do entorno e agasalla con produtos e lembranzas que fomenten a cultura e economía local.



Boas prácticas aplicadas aos Guías-intérpretes mariñeiros.

- **Comportamento:**
 - *Cumpre, e fai cumprir a legalidade e normativas vixentes. Integra o benestar das especies de flora e fauna nas actividades.*
 - **Respecta:** *aínda que a actividade pesqueira é o eixo principal da nosa interpretación, os turistas poden amosar interese por outros temas complementarios por iso é importante que os grupos de turistas sexan homoxéneos en caso contrario debemos atender, na medida do posible, esa diversidade.*

- **Comprende.** O turista que sube a un barco está, de xeito maioritario nun medio pouco habitual para el e pode chegar a sentirse “fóra de lugar” ou amosar ansiedade. Axuda dende o principio da actividade a que gañe confianza en si mesmo, a que se sinta cómodo e seguro.
- **Información:** ofrece información sobre a meteoroloxía, características da actividade, seguridade ...
- **Consellos:** comunica e suxire ideas que favorezan ao bo desenvolvemento da actividade (hidratación, protección solar, silencio, vestimenta ...)
- **Loxística - programación:** prepara con antelación material necesario realizar a actividade, incluído o material interpretativo e de comunicación.
- **Comunicación:** informa ás entidades e organismos competentes remitindo información que contribúa á conservación do espazo e ao coñecemento da flora e fauna (observacións, citas ...)



6. MÁIS INFORMACIÓN:



- **Grupos Acción Local Pesqueira:**
<https://galp.xunta.gal/es>
<http://www.accioncosteira.es/?q=gl/node/128>
- **Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia:**
<https://www.parquenacionalillasatlanticas.com/index.php?lang=es>
Publicacións Parque Nacional:
<https://goo.gl/P22Hdm>
- **Aves mariñas:**
<https://mardeaves.org/>



- **Rede Galega de Parques Naturais:**
<http://galicianaturaleunica.xunta.gal/es>
- **Rede Natura 2000.**
http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/seccion.html&sub=Rede_natura_2000/
- **Turismo de Galicia:**
<http://www.turismo.gal/inicio>
- **Interpretación do Patrimonio:**
<http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/es/>




Grupos de
Acción
Local do sector
Pesqueiro





Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)

Artes de pesca traballadas en cada arquipélago:

- 1.- Mapa Cíes
- 2.- Mapa Ons
- 3.- Mapa Sálvora
- 4.- Mapa Cortegada







10000



Áreas de proteção ambiental em áreas urbanizadas de Pôrto Alegre



Legenda
 Área de proteção ambiental
 Área de preservação
 Área de interesse
 Área de lazer
 Área de recreação



Mar das Illas

www.mardasillas.com

info@mardasillas.com



XUNTA DE GALICIA
CONSEI L TRIA DO MAR



2007-2013
Fondo Europeo
de Desenvolvemento
Regional